

- Prégase ás persoas encargadas de traelos e recollelos que o fagan con puntualidade e que sexan recollidos sempre, ou na medida do posible, pola mesma persoa. De non ser así, deberá notificarse e autorizarse previamente por escrito polos titores dos nenos. Asemade, deberase entregar cuberto o documento que que podeades descargar en Documentos do centro (na páxina web: quinonesdeleon.es), facendo constar nome, apelidos e DNI das persoas autorizadas.
- As titorías faranse os martes de 16:30 a 17:30, previa cita. É necesario asistir sen nenos.
- Os nenos deberán traer a clase **ROUPA CÓMODA** que poidan poñer e quitar sós con facilidade.
- **Non poderán traer cinturón, tirantes, nin pantalón de peto. O CALZADO DEBE TER VELCRO PARA CERRAR, NON CORDÓNS.**
- Os nenos de Educación Infantil 3 anos deberán traer unha muda de roupa e un paquete de toallíñas, que quedará na aula para poder cambialos se fose necesario.
- A mochila debe ser axeitada ao tamaño do neno (non deberá exceder dos 30 x30 cm) e non poderá ter rodas. Diariamente, o neno traerá na mochila, unha botella pequena con **dispensador** de auga, unha toalla pequena e unha libreta para facilitar a comunicación titor-pais. Todo elo con nome e as iniciais dos apelidos.
- **PREGAMOS QUE LLE POÑADES O NOME A TODAS AS COUSAS QUE O NENO TRAIA AO CENTRO**, como a roupa de abrigo, mandilón, mochila, muda...para poder identificalas facilmente e evitar perdas ou confusións. Ademais, a roupa que sexa para colgar debe levar unha fita cosida.
- Todo o material de traballo (libros, carpetas, cd, contos...)deberá ter posto o nome e as iniciais dos apelidos. Non chega con poñer o nome na carpeta do neno. Os libros deberán estar nas aulas (os 3 trimestres) debidamente identificados antes do 16 de Setembro, posto que se comezará a traballar con eles. ASEMADE, OS NENOS DE 5 ANOS DEBERÁN TRAER O LIBRO DE LECTURA FORRADO.
- Os nenos non poderán traer xoguetes nin paraugas ao centro. Prégase que non traian pulseiras ou aneis porque poden perdelos.
- Os venres levarán o mandilón para lavar na casa e deberán traelo cada luns.
- Deberán traer 2 fotos de carné (independentemente das entregadas na Secretaría) para actividades nas aulas. Preferiblemente antes do 16 de setembro.
- Os días de Educación física os nenos deberán traer o chándal do colexio e zapatillas deportivas con velcro. Dito chándal pode mercarse en Brais Sport (Sanjurjo Badía, enfronte de Xesuítas). Toda esta equipación deberán traela a partir do 19 de Setembro. **NAS SAÍDAS PROGRAMADAS LEVARASE O CHÁNDAL DO COLEXIO.**

- O calendario de merendas é o seguinte. Pregámosvos que o respectedes:

Luns e Mércores: Froita (pelada)

Martes e Venres: Bocado (non de chocolate).

Xoves: Lácteos.

- Cumpreanos: Os cumpreanos que coincidan nun mesmo mes, tanto de 3, 4 como de 5 anos, celebráremos conxuntamente o último venres dese mesmo mes. Así mesmo, as invitacións entregaranse na clase cando haxa para todos. De non ser así, pedímosvos que as entreguedes fora.
- Como fixemos nos últimos anos, o equipo de Educación Infantil pon a vosa disposición o blog de leonciños para que vexades algunhas das actividades que realizamos cos vosos nenos durante o curso.

<http://leoncinis.blogspot.com.es>

Quedamos á vosa disposición para o que queirades e agardamos a vosa colaboración.

Un saúdo.

Os mestres de Educación Infantil.